

**rexe
nera
ndo**


Novembro, 2018

**Santiago
de Compostela**

*Reconectar cos nosos soños
máis profundos dende a nosa
profesión como educadoras.*

*Afondar neles para descubrir
como nos fixeron chegar
a ser as docentes que somos.*

*Aproveitalos para entender por
que hai conflitos que non so-
mos quen de xestionar e apren-
der como enfrontalos mellor.*



Do conflito ao soño

**Ferramentas facilita-
doras para a xestión
da aula**



Presentación

A vocación pedagóxica ten moito que ver cos soños máis profundos: os que definen ás persoas e o seu xeito de estar no mundo. Están estreitamente ligados a quen somos, ao noso aporte para e coas demais; ao que nos fai únicas. Cando se perde a conexión cos soños, bloquéase tamén a capacidade de afrontar as esixencias, o estrés do día a día e a complexidade da aula.

Explorar a información agochada detrás dos soños, así como nos conflitos, é unha ferramenta empoderadora. Permite entendelos, reconectar coa vocación docente, e xestionar dun xeito máis eficaz os desafíos cotiáns:

O **Traballo de Procesos** ou Psicoloxía Orientada a Procesos é unha metodoloxía impulsada polo terapeuta Arnold Mindell desde os anos 70 e cunha ampla difusión a nivel internacional leva anos desenvolvéndose tamén noutras zonas do Estado, especialmente en Cataluña. Desde alí chega á Galiza da man de dúas profesionais de dilatada traxectoria e avaladas ademais pola experiencia do programa «Mestras empoderadas» desenvolto en Suíza polo Instituto Grundkraft en 2008 e implantado a día de hoxe en países moi diversos, como Alemaña, Eslovenia, Grecia ou Suráfrica.

Anna Pujol e Lucía Suanzes ofrecen a oportunidade de aplicala ao ámbito educativo a través da formación «Do conflito ao soño. Ferramentas facilitadoras para a xestión da aula»

Este curso está orientado a profesoras e profesores, mestres e mestras, con interese en reforzar as súas habilidades docentes. A intención é fornecer ferramentas para xestionar os numerosos desafíos que as profesionais da educación afrontan dentro e fóra da aula: o exceso de carga docente, as dificultades diante da diversidade crecente entre o alumnado ou as diverxencias de visión no equipo a respecto dos modelos educativos. Diante das dificultades




é preciso fortalecer as habilidades e capacidades propias sen perder de vista o obxectivo e o sentido global do traballo.

Baseándose no Traballo de Procesos, tanto para facilitar unha caixa de ferramentas prácticas coma un espazo de foro para o intercambio de experiencias con outras profesionais da educación, desenvolveranse aquelas habilidades coas que conta cada persoa para desempeñar o seu traballo dun xeito efectivo e respectuoso consigo mesma e co resto da comunidade educativa.

Obxectivos

Gañar conciencia sobre o propio estilo de docente

Mellorar as relacións e o ambiente na aula e no equipo de traballo



Gañar acceso aos recursos internos.

Aprender técnicas e métodos prácticos para a abordaxe de conflitos

Contidos

Baseados en posibilitar que as persoas participantes tomen consciencia de quen son, por que escolleron esta profesión e de que xeito único se exerce en cada caso. Abordarase así mesmo o xeito no que cada unha encara os conflitos do día a día, que estruturas hai detrás destes conflitos e que ferramentas concretas temos ao noso alcance para xestionalos.

O curso consta de catro bloques:

1. Quen son eu?

O meu mito: Vogar a favor da corrente

Eu como mestra/mestre:
O meu estilo docente

Metahabilidades:
A arte de ser ti mesma/o

2. O conflito: Espertando o soño

Que é o conflito? Marco teórico e definición

Incomodidade vs. oportunidade: As dúas caras da mesma moeda

Estrutura e fases do conflito

Roles e roles-pantasma

3. Relacións interpersoais

Comunicación

Relacións de poder na aula

Co estudantado

Co equipo docente

4. O grupo

Roles na aula

O teu rol de liderado

Ti dentro do equipo docente

Metodoloxía

A metodoloxía vai combinar a teoría e a práctica mediante exercicios vivenciais. Alén disto, traballarase a nivel individual, interrelacional, grupal e social.

O marco teórico e metodolóxico principal é o Traballo de Procesos ou Psicoloxía Orientada a Procesos. Trátase dun paradigma impulsado por Arnold Mindell na década dos 70 e que continúa a desenvolverse e gañar alcance en todo o mundo. Un dos principios máis importantes do Traballo de Procesos é a Democracia Profunda, que parte da base de que o proceso en si mesmo contén toda a información e sabedoría necesaria para dar os seguintes pasos e continuar avanzando. Por iso, cómpre desenvolver a habilidade de apreciar e incluír momento-a-momento toda a información posible: as diferentes ideas, actitudes, soños, sentimentos, puntos de vista, estilos comunicativos e mesmo intuicións, pondo énfase naqueles aspectos máis marxidados, difíciles e ocultos (tanto da propia persoa como do grupo), xa que o feito mesmo de non exploralos ofrécenos información valiosa que pode supor unha contribución vital ao benestar e efectividade do individuo ou organización.

No Traballo de Procesos é central o acompañamento nos cambios, un enfoque moi valioso no momento actual de cambio social de vertixe. Este curso tamén se nutre doutras fontes como a Psicoloxía da comunicación e a xestión de conflitos.

Pódese consultar máis información sobre o Traballo de Procesos nas seguintes ligazóns:

trabajodeprocesos.net

processwork.org

deepdemocracyinstitute.org

Datos prácticos

Datas

Do 9 ao 11 e do 16 ao 18
Novembro, 2018.

Horarios

Venres:

16.00-20.00 h

Sábado:

10.00-14.00 h

16.00 a 19.00 h

Domingo:

10.00-14.00 h

Lugar

Santiago de Compostela

Prezo

300 euros

Máis información e inscricións:

info@rexenerando.com

698 157 414

Nota: Entre semana ofrecerase acompañamento a procesos individuais e supervisións grupais a demanda. O prezo deste servizo é de 40 euros/hora para sesións individuais (1 hora) e 60 euros/hora para as supervisións grupais (mínimo 3 horas).

As formadoras



Lucía Suanzes Suárez

Diplomada en Educación Social pola Universidade da Coruña en 2002. Certificada polo Instituto Grundkraft na formación do programa «Mestr@s empoderad@s». Nos anos de universidade comeza o seu camiño profesional en temas que sente como alicerce básico na súa vida: o mundo das relacións humanas e das dinámicas que se derivan delas. Así, até a actualidade, a súa traxectoria profesional céntrase no ámbito da educación social, na formación no campo da xestión de grupos e de conflitos e no eido da educación libre e viva. Do conflito ao soño. Ferramentas facilitadoras para a xestión da aula é unha das expresións desta fusión, entre educación, acompañamento a grupos e situacións de conflito. É ademais nai de dúas fillas, que a acompañan en todo este percorrido en constante construción.

Anna Pujol Villarroya

Licenciada en Ciencias Ambientais pola Universitat Autònoma de Barcelona en 2005. Especializada en Educación Ambiental con estudos de posgrao do Máster de Sostibilidade da Cátedra UNESCO da Universitat Politècnica de Terrassa. É a través da educación ambiental que descobre súa paixón polos colectivos sociais en risco e o potencial dos grupos. Desde 2001 adícase a temas relacionados coa educación social, especialmente con mocidade en risco de exclusión social, saúde mental e mulleres, e a facilitación e xestión de grupos. Desde 2004 fórmase en Traballo de Procesos co Instituto do Traballo de Procesos e Democracia Profunda de Barcelona (trabajodeprocesos.net) e forma parte do think tank International Deep Democracy Institute (DDI) (deepdemocracyinstitute.org).




Organiza

Rexenerando, S. Coop. Galega

Consultoría de proxectos socio-culturais e educativos, baseados na innovación e valores transformadores, especializado en Facilitación e Xestión de procesos grupais.

A través do traballo en torno ao potencial do conflito e as emocións, buscan promover espazos de aprendizaxe esenciais para grupos informais e profesionais e nos que desenvolver habilidades a nivel individual e como parte dun equipo de traballo.

Tecer alianzas e ser partícipes da xeración de espazos de encontro transformadores é parte do seu soño profundo.



**rexe
nera
ndo**

*S. Coop.
Galega*

881 953 791 - 698 157 414
info@rexenerando.com
rexenerando.com